



# **MEMORIA DE CALIDADE**

**Facultade de Administración e Dirección de Empresas**

**Curso Académico: 2017/2018**

**Aprobada pola Xunta de Facultade de ADE con data de 25-6-2019**

## Índice

Índice.....	1
1. Introducción.....	2
1.1. Compromiso.....	2
1.2. Ámbito de aplicación.....	3
1.3. Documentación de referencia.....	3
1.4. Composición e funcións da Comisión de Calidade.....	4
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade.....	5
2.1. Vixencia da política de calidade.....	5
2.2. Evolución e Grao de cumprimento do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual do Centro.....	6
2.3. Estado do Plan de Melloras para o curso 2016-2017.....	16
2.4. Indicadores de eficacia do SGIC.....	16
3. Plan de Melloras do Centro.....	22
4. Anexo: Informes de seguimento.....	25

## 1. Introducción

### 1.1. Compromiso

A Facultade de Administración e Dirección de Empresas é consciente da importancia que ten a calidade para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade elaborou a súa política marcándose como principal meta o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

Esta Facultade ten como obxectivo ser recoñecida por desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis axeitada formación para os seus estudantes, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador e que faciliten as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos, tendo en conta os principios de responsabilidade, participación e igualdade, orientación ao alumnado, excelencia no traballo e transparencia.

Por todo iso, a Facultade adquire o firme compromiso de garantir a calidade e establece a súa política baixo estes principios:

- Promoción dun entorno de traballo respectuoso cos/cas empregados/das da Facultade.
- Desenvolvemento do traballo con responsabilidade.
- Respecto aos dereitos de todas as persoas e, en particular, do noso alumnado e dos/das traballadores/as.
- Procura permanente da excelencia en todas as actividades do centro.
- Compromiso coa transparencia, a eficiencia e a eficacia na xestión dos recursos.
- Compromiso cunha xestión baseada no diálogo, a participación, a confianza e a responsabilidade compartida.
- Compromiso cun desenvolvemento sostible e respectuoso co medio ambiente.
- Compromiso coa transferencia de coñecemento á sociedade como contribución ao desenvolvemento social e económico de Galicia.
- Promoción do traballo en equipo e en base a proxectos.
- Contacto continuo co tecido empresarial máis próximo.
- Compromiso de servizo á sociedade.
- Impulso á igualdade de xénero na Facultade e eliminación de todo comportamento discriminatorio.

A presente Memoria de Calidade da Facultade de Administración e Dirección de Empresas, correspondente ao curso académico 2017-2018, foi elaborada pola Comisión de Calidade e Docencia do Centro seguindo as indicacións da guía facilitada pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, e presentada á Xunta de Facultade para a súa aprobación.

## 1.2. Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación do SGC durante o curso 2017-2018 atangue ás titulacións impartidas no centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade durante o curso 2017-2018 foron:

- Grao en Administración e Dirección de Empresas
- Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas
- Máster Universitario en Dirección de Empresas

O Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Máster en Dirección de Empresa, son títulos compartidos coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais no Campus de Santiago, polo que existen comisións de título conxuntas intercampus e comisión de título en cada Facultade. Os informes de seguimento e acreditación son elaborados polas comisión conxuntas.

## 1.3. Documentación de referencia

Considérase documentación de referencia ademais dos documentos que configuran o SGC da Facultade (Manual do Sistema de Calidade e o Manual de Procesos) e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela, a que se cita a continuación:

- Memoria de Grao en Administración e Dirección de Empresas da USC  
[http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sxopra/memorias\\_graos\\_USC/Administracixn\\_e\\_Direcc\\_de\\_Empresas\\_xL\\_e\\_Sx.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sxopra/memorias_graos_USC/Administracixn_e_Direcc_de_Empresas_xL_e_Sx.pdf)
- Memoria do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas  
[http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sxopra/memorias\\_graos\\_USC/Xestion\\_PEMES.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sxopra/memorias_graos_USC/Xestion_PEMES.pdf)
- Memoria do Máster en Xestión de Empresas (MBA)  
[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/empresas/descargas/Memorias\\_titulos/Memoria\\_Master\\_Direccion\\_de\\_Empresas.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/empresas/descargas/Memorias_titulos/Memoria_Master_Direccion_de_Empresas.pdf)
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade  
[http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/empresas/descargas/Normativa/RRI\\_Facultade\\_ADE-CG\\_09-11-2018.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/empresas/descargas/Normativa/RRI_Facultade_ADE-CG_09-11-2018.pdf)

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade e Docencia, as Comisións de Título, as Comisións Conxuntas Intercampus, o Comité Consultivo, o Responsable de Calidade do centro e os Coordinadores dos Títulos.

As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionados co desenvolvemento do SGC poden consultarse no Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Administración e Dirección de Empresas, Capítulo 3.  
[http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/empresas/descargas/calidade/sgcv4/MSGC\\_ADE\\_2018\\_09\\_21.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/empresas/descargas/calidade/sgcv4/MSGC_ADE_2018_09_21.pdf).

## 1.4. Composición e funcións da Comisión de Calidade e Docencia

### a) Composición da Comisión de Calidade e Docencia

Decano/a (Presidente/a)

Responsable de Calidade do Centro

Secretario/a da Facultade

Coordinador/a de do Grao en ADE

Coordinador/a do Grao en Xestión de PEMES

Coordinador/a do Máster en Dirección de Empresas

Responsable da Unidade de Xestión

Dous Representante do PDI membros da Xunta de Facultade

Dous Representante do Alumnado membros da Xunta de Facultade

### b) Funcións principais da Comisión de Calidade

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e a mellora do SGC do Centro.
- Elaborar a Memoria de Calidade do Centro.
- Fomentar a realización e o seguimento periódico do plan de melloras anual do centro.
- Estimular a participación de todos os colectivos implicados na avaliación e mellora da calidade das titulacións que se imparten no centro.
- Realizar o seguimento dos resultados do centro.
- Propoñer ao equipo de dirección a información que debe ser pública.
- Informar favorablemente, ou propoñer modificacións se é o caso, dos informes de resultados ou seguimento/acreditación elaborados polas comisións de título.

### c) Reunións da Comisión de Calidade durante o curso 2017-18

- Data 26 de outubro de 2017 ás 10.30 horas.

Puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
  2. Aprobación cursos prácticos de xestión empresarial
  3. Análise das queixas recibidas
  4. Adecuación espazos aula de informática
  5. Rogos e preguntas
- Data 7 de xaneiro de 2018 ás 10.00 horas.

Puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da actas da sesión anterior
  2. Modificación do protocolo de coordinación
  3. Modificación do Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interno de Calidade
  4. Modificación da Comisión de Grao en ADE, Comisión de Grao en PEMES, Comisión de Máster en Dirección de Empresas, Comisión de Grao en ADE Intercampus e Comisión Académica do Máster en Dirección de Empresas (Lugo/Santiago)
  5. Rogos e preguntas
- Data 20 de abril de 2018 ás 13.00 horas.

Puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
  2. Informe de Seguimento do Grao en ADE 2016-17
  3. Rogos e preguntas
- Data 16 de maio de 2018 ás 10.00 horas.

Punto único da orde do día:

Reunión coa Área de Calidade e Melloras dos Procedementos

- Data 21 de xuño de 2018 ás 10.30 horas.

Puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores
2. Aprobación da Memoria de Calidade
3. Aprobación do Manual do Sistema de Garantía de Calidade e Procesos
4. Rogos e preguntas

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade

### 2.1. Vixencia da política de calidade

A Facultade elabora a súa política de calidade (incluída no Manual do SGC), enmarcada dentro da política de calidade da USC, a través do Sistema de Garantía de Calidade (SGC). No curso 2017-18 a Facultade de Administración e Dirección de Empresas adaptou o SGC ao novo Documento marco de Manual do Sistema de Garantía de Calidade e ao novo Manual de Procesos, aprobados pola Comisión de Calidade e Planificación de Consello de Goberno o 22/02/2018. Estes Manuais foron aprobados pola Xunta de Facultade o 21/06/2018 e pola Comisión De Calidade e Planificación de Consello de Goberno o 21/09/2018 (curso 2018-19).

Ademais, tamén se modificou o Regulamento de Réxime Interno da Facultade para adaptalo ao

novo SGC. Este foi aprobado pola Xunta de Facultade o 21/06/2018 e polo Consello de Goberno da USC o 9/11/2018 (curso 2018-19).

Toda a documentación relacionada co SGC da Facultade está dispoñible a través da páxina web da Facultade no epígrafe dedicado a Calidade:

<http://www.usc.es/gl/centros/empresas/CalidadeV01.html>

## 2.2. Evolución e Grao de cumprimento do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual do Centro

O Plan Estratéxico da Facultade de ADE 2016-2020, foi elaborado pola Comisión de Calidade do centro segundo o proceso P01-PE-01 do SGC da Facultade, e aprobado pola Xunta de Centro o 30 de setembro de 2016 e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno o 27 de abril de 2017.

A Programación Plurianual do centro, foi aprobada pola Xunta de Centro o 6 de abril de 2017 e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno o 12 de decembro de 2017.

Na Programación Plurianual propuxéronse 18 obxectivos a conseguir no horizonte temporal 2017/2020, relacionados cos obxectivos estratéxicos establecidos no Plan Estratéxico da Facultade. A continuación detállanse as accións levadas a cabo durante o curso 2016/17 para acadar estes obxectivos.

- En relación ao obxectivo: **Mellorar a xestión administrativa e de servizos da Facultade**, leváronse a cabo as seguintes accións:
  - Elaborouse a Programación Administrativa Anual da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos (UXCD) da Facultade para o curso 2018/19. Nesta programación recóllense as principais tarefas a desenvolver ao longo do curso académico, con indicación da súa programación temporal e da persoa ou persoas que se van encargar dos distintos procesos. A programación foi elaborada polo responsable da Unidade e informada positivamente pola decana con data de 16/5/2018.
  - A programación das tarefas da área de conserxería está actualmente en fase de redacción, sendo a data prevista de finalización o mes de xullo de 2019.
- En relación ao obxectivo: **Mellorar a formación do PAS adscrito a Facultade**, leváronse a cabo as seguintes accións:
  - A UXCD elaborou unha proposta de actividades formativas na que se tiveron en conta as necesidades detectadas nos diferentes postos de traballo. Esta proposta foi remitida a Vicexerencia do Campus de Lugo que é a responsable de facer a proposta conxunta de todos os Centros do Campus, para posteriormente remitilas ao Servizo de Planificación e programación de PAS.
  - O Servizo de Planificación e programación de PAS informou a todo o persoal da Facultade das distintas convocatorias de actividades formativas organizadas pola USC. Complementariamente á oferta formativa da USC, a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) organizou cursos de autoformación e teleformación para o PAS das tres

universidades galegas. O responsable da UXCD trasladou a información que recibiu da oferta formativa da EGAP a todo o persoal do Centro.

- O responsable da UXCD autorizou e facilitou a participación das actividades formativas tanto da USC como da EGAP, coa única limitación de respetar as necesidades do servizo.

Os indicadores valorados para analizar o nivel de cumprimento deste obxectivo son os seguintes:

O 86% do PAS da Facultade realizou algún curso de formación organizado pola Universidade. A satisfacción global da totalidade do PAS da USC coas actividades formativas realizadas foi do 3,99, lixeiramente superior a do ano pasado (3,91). Ademais o persoal de administración e servizos da Facultade considera que a formación recibida para desempeñar o seu traballo é bastante axeitada (4,00). Finalmente, sinalar que o PAS, en xeral, síntese moi satisfeito co traballo realizado (4,67).

- En relación ao obxectivo: **Incrementar a participación do PDI no órganos de goberno da Facultade**, leváronse a cabo as seguintes accións:
  - Tratouse de involucrar ao PDI nas decisións importantes do centro, impulsando a súa participación nas distintas comisións organizativas da Facultade. Isto levouse a cabo a través do envío de diferentes correos electrónicos que destacaban a relevancia das decisións a tomar en aras da mellora da calidade do centro, así como a través das diferentes intervencións da Decana nas Xuntas de Facultade. A Xunta de Facultade do 21/03/2018 renovou a composición das comisións quedando sen cubrir, na maioría delas, prazas correspondentes aos representantes de PDI e alumnado, a pesar do esforzo realizado para que estes colectivos participasen nos órganos de goberno do centro.
  - Durante o curso 2017-18 modificáronse o Regulamento de Réxime Interno da Facultade para adaptalo aos novos estatutos da USC e ao Sistema de Garantía de Calidade da Facultade. Estes cambios supuxeron unha modificación das comisións existentes, das súas competencias e da súa composición. Durante o curso 2018-19 constituíranse estas comisións para realizar as funcións que teñen encomendadas.
- En relación ao obxectivo: **Mellorar a excelencia do PDI en docencia e investigación**, leváronse a cabo as seguintes accións:
  - Nas diferentes reunións de coordinación de curso e de títulos tratáronse de detectar carencias formativas do PDI, para impulsar novas accións formativas. No curso 2017/18 o profesorado do centro non considerou necesario solicitar ningún curso de formación específico, considerando que a oferta proporcionada pola Universidade era suficiente.
  - Desde a dirección do centro, a través das diferentes comisións e nas xuntas de facultade, sinalase a importancia de mellorar a formación do PDI nos métodos de ensino-aprendizaxe para mellorar a calidade da ensinanza.

Os indicadores valorados para analizar o nivel de cumprimento deste obxectivo son os seguintes: A porcentaxe de participación do PDI en cursos de formación organizados polo Programa de información e innovación docente (PFID) foi do 30,77%, porcentaxe lixeiramente inferior a do



curso anterior (39,47%). Sinalar que a motivación que o profesorado amosa en relación aos cursos de formación relativos ás novas Tecnoloxías aplicadas a docencia e de apoio didáctico e pedagóxico Xeral, reduciuse sensiblemente nos últimos anos (23% e 26% respectivamente no curso 2017-18, fronte ao 35% e 36% do curso anterior).

A pesar destes datos negativos en relación á formación do profesado, hai que destacar que a satisfacción global do profesorado da USC coa formación recibida é bastante elevada (4,39).

Por outra banda, sinalar que varios profesores/as da Facultade colaboran en diferentes proxectos ou contratos con outros profesores/as pertencentes a outras áreas de coñecemento.

En xeral, pódese considerar que o profesorado co que conta a Facultade permite o desenvolvemento das titulacións impartidas no mesmo. Durante os últimos anos, consecuencia da situación que atravesan as universidades e en particular a USC, en relación á estabilización do PDI, reduciuse sensiblemente a porcentaxe de PDI funcionario sobre o total de profesorado (51,16% no curso 2017-18, fronte ao 62,86% do curso 2012-13), con todo aumenta lixeiramente a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total (51,16% no curso 2017-18, fronte ao 42,86% no curso 2012-13). Finalmente, sinalar que a porcentaxe de PID con sexenios de investigación segue sendo bastante reducida (30, 0%), a pesar de que aumentou lixeiramente nos últimos anos.

- En relación ao obxectivo: **Incrementar o talento a través da atracción de alumnado con mellores expedientes académicos**, leváronse a cabo as seguintes accións:
  - Para tratar de promocionar os títulos e captar novo alumnado, leváronse a cabo varias xornadas de acollida ao alumnado de distintos centros de ensinanza medias organizadas polo programa a PONTE.
  - No mes de xullo de 2018 un grupo de profesores da Facultade participou no *Campus Científico Xuvenciencia*, que ten como obxectivo contribuír á divulgación da ciencia e a tecnoloxía na sociedade, especialmente entre o alumnado preuniversitario.
  - O centro organiza todos os anos unha xornada de benvida ao alumnado de novo ingreso na que informa ao alumnado de diferentes aspectos relacionados co funcionamento da Universidade e da Facultade.

Os indicadores valorados para analizar o nivel de cumprimento deste obxectivo son os seguintes:

- A matrícula de novo ingreso no curso 2017-18 foi de 99 alumnos/as, cifra lixeiramente superior a do curso anterior (90).
- A nota media de acceso por preinscrición para todas as titulacións impartidas na Facultade foi de 6,90, lixeiramente superior a do curso anterior (6,79).
- A porcentaxe de estudantes que acceden ás titulacións impartidas na Facultade cunha puntuación igual ou superior a 6 foi do 69,77%, lixeiramente superior a do curso anterior (65,12%).
- A porcentaxe de estudantes que acceden a titulación no grao en ADE cunha puntuación igual ou superior a 6 foi do 65,75%, lixeiramente superior a do curso anterior (63,64%), mentres que no grao en Xestión de PEMES foi do 100%. No Máster en Dirección de

Empresas esta porcentaxe foi do 90%, sensiblemente superior a do curso precedente (80%).

- A nota media de acceso por preinscrición no grao en ADE foi de 6,90, lixeiramente superior a do curso anterior (6,88), no grao en Xestión de PEMES foi de 6,80 un pouco superior ao curso anterior (6,12). No Máster en Dirección de Empresas esta nota foi de 6,92, lixeiramente superior a do curso precedente (6,61).
- O número de alumnos/as preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas é bastante reducido, aínda que lixeramente superior ao curso precedente (36,71% fronte a 34,76%).
- Ao impartirse na Facultade un só Máster a relación entre o número de matriculados no Máster e o número de egresados é moi reducido (0,47).
- Destacar que varios profesores/as da Facultade participan habitualmente no Campus de Verán XuvenCiencia da USC, dirixido a alumnos de ESO e bacharelato de toda Galicia, no que se traballa a través de distintos talleres e actividades sobre coñecementos do ámbito da economía e da empresa (elaboración dun anuncio publicitario, desenvolvemento dun novo produto, taller de creatividade empresarial e xincana BioReDes) no que participan un número elevado de alumnos/as.
- O número total de alumnos/as que visitaron a Facultade a través do programa a Ponte foi de 184 procedentes de 26 centros de ensinanzas medias das provincias de Lugo e A Coruña.

Sinalar que un profesor da Facultade participa en diferentes charlas informativas sobre a USC en diferentes centros de ensinanzas medias.

- En relación ao obxectivo: **Favorecer unha formación global do alumando**, leváronse a cabo as seguintes accións:
  - Co obxectivo de proporcionar ao alumnado unha visión práctica e complementaria da formación impartida nas aulas, ao longo deste curso organizáronse conferencias de empresarios de diferentes sectores da actividade económica, así como visitas a empresas do tecido empresarial galego. A difusión destas actividades fíxose a través da pantalla de televisión situada no hall da Facultade, de carteis colocados nas portas de acceso ás aulas, da infomación proporcionada polo profesorado nas clases, na web da Facultade en na aula virtual de coordinación do 4º curso.
  - Desde a dirección do centro trátase de fomentar a participación do alumnado nos órganos de representación do centro, informando ao principio de curso e cando se convocan eleccións para representantes do alumnado da importancia de formar parte destes órganos de decisión.
  - No mes de xullo en colaboración coa Cátedra de Empresa Familiar organizouse un curso de verán sobre a especificidade da xestión das Empresas Familiares.
  - A Facultade, tendo en conta o orzamento asignado pola Universidade e a obsolescencia dos equipos informáticos destinados á docencia, profesorado e PAS, fai unha renovación continua dos mesmos.

- O equipo Decanal fixo un esforzo de concienciar ao alumnado da relevancia de elixir un delegado por curso, pero non se acadou este obxectivo.

Os indicadores valorados para analizar o nivel de cumprimento deste obxectivo son os seguintes:

- Nivel de satisfacción do alumnado coa docencia recibida foi de 3,50 no Grao en ADE e de 4,36 no Máster.
- O número de visitas realizadas a empresas polo alumnado dos graos foi de dúas. No Máster visitaron dúas empresas.
- O número de conferencias realizadas para o alumando da Facultade foi de sete.
- No curso 2017-18 formaron parte da Xunta de Facultade 10 representantes do alumnado. Ademais, o alumnado tivo representación en todas as comisións do centro, agás na Comisión de Relación Exteriores e a de Normalización Lingüística.
- No curso 2017-18 a facultade adquiriu 10 ordenadores para as aulas de informática, de docencia e despachos do profesorado para substituír os que están máis obsoletos. Tamén se adquiriron 11 monitores para despachos do profesorado e aulas de docencia, 3 impresoras para o profesorado, 2 videoproxectores (un portátil e outro para a aula de informática), unha pizarra para unha aula de informática e 21 discos duros SSD para mellorar os equipos das aulas de informática.
- A porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados foi do 1,50% (2 a Bélxica, 2 a Polonia e 1 a Malaga) e o seu grao de satisfacción cos programas de mobilidade foi bastante elevado (3,94). Estes datos son do Grao en ADE, xa que non houbo mobilidade saínte nas outras titulacións do centro.
- En relación ao obxectivo: **Impartir unha formación adaptada ás necesidades da sociedade**, leváronse a cabo as seguintes accións:
  - Para analizar se as titulacións ofertadas están adaptadas á demanda e necesidades da sociedade e do tecido empresarial, a dirección do centro réunese anualmente co Comité Consultivo da Facultade. Nesta reunión celebrada o 22 de novembro de 2017 os membros deste comité sinalaron que en xeral as titulacións que se imparten no centro están adaptadas ás necesidades da sociedade.
  - Neste senso, e no ámbito da colaboración co tecido empresarial de Lugo fíxose unha revisión dos convenios con empresas para a realización de prácticas do alumnado.
  - Para informar ao alumnado da Facultade das ofertas de emprego que chegan ao Decanato utilízanse os medios telemáticos dos que se dispón no centro (redes sociais, páxina web e dúas pantallas de televisión).
  - Fíxose unha visita aos viveiros de empresa para establecer un contacto con novos emprendedores e coñecer a súa realidade empresarial.

Os indicadores valorados para analizar o nivel de cumprimento deste obxectivo son os seguintes:

- O nivel de satisfacción xeral dos egresados coa titulación foi de 3,71 no grao en ADE e de 3,06 no Máster para o curso 2017/18. A satisfacción dos egresados no grao en ADE é, en xeral, positiva. Unicamente se percibe a formación práctica cun baixo nivel de satisfacción

(2,79), aínda que por enriba da media da USC (2,74). No Máster no curso 2017-18 o nivel de satisfacción coa formación teórico e práctica descendeu significativamente en relación ao curso anterior, situándose en valores inferiores á media da USC.

- Ademais, a satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas foi moi elevado nas tres titulacións ofertadas (4,17 grao en ADE, 4,49 grao en Xestión de PEMES e 4,12 en Máster). Destacar tamén a boa valoración que os titores externos (3,99 grao en ADE e 4,17 Máster) e os titores académicos atribúen ás prácticas externas (4,60 Máster).
- Hai que sinalar que a Facultade ten 155 convenios de prácticas asinados con diferentes empresas, superior ao número de solicitudes presentadas. Destes convenios 74 son para as titulacións de grao e 81 para a do Máster. Sinalar que no curso 2017-18 se asinaron 15 novos convenios para os graos e 4 para o Máster.
- O número de ofertas de emprego e bolsas de traballo de entidades públicas e privadas recibidas e publicadas a través da páxina web do centro foi de 29.
- En relación ao obxectivo: **Elaboración dunha oferta de grao e posgrado axustada á realidade empresarial**, leváronse a cabo as seguintes accións:
  - Intercambio de impresións con empresarios e directivos que participan en conferencias dirixidas ao alumnado e as opinións aportadas polos integrantes do Comité Consultivo.
  - Considerando o número reducido de matriculados no Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas, desde o Decanato da Facultade impulsouse a creación dun novo Grao en Emprendimento e Economía Dixital. A Comisión de Redacción deste Grao encargouse da redacción da súa memoria, que foi aprobada pola Xunta de Facultade de 02/05/2018. O anteproxecto de memoria do Grao en Emprendimento e Economía Dixital foi rechazado o 19/07/2018 polo Consello de Goberno da USC, polo que este grao non se pode impartir. Por este motivo, desde o decanato da Facultade continuarase valorando novas posibles alternativas para oferta de novos títulos adaptados á realidade empresarial.
  - En relación ao Máster en Dirección de Empresas, fíxose unha enquisa por correo electrónico con datos relativos á inserción laboral do estudante a aqueles egresados entre o curso 2009/2010 e o curso 2015/2016. A taxa de resposta foi do 20%, enviándose un total de 204 comunicacións (115 en Santiago e 89 en Lugo).

Os indicadores valorados para analizar o nivel de cumprimento deste obxectivo son os seguintes:

- Segundo o último informe da ACSUG “Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2013-2014” (Enquisa realizada en xullo de 2017) non recolle os datos desagregados por ramas de coñecemento. Con todo, sinalamos as principais conclusións que se poden extraer deste estudo: O 73,92% dos egresados buscou emprego relacionado coa súa titulación desde que rematou os seus estudos e atopouno o 72,29% dos que o buscaron. Os egresados están satisfeitos cos estudos universitarios cursados (92,43%) e o 80,76% volvería a cursar a mesma titulación. O 79,38% dos titulados que traballan están desenvolvendo función de nivel universitario no seu traballo.

Ademais, o 84,45% desenvolve función específicas da súa titulación. A maioría dos titulados traballan en Galicia (80,11%).

- En relación ao Máster os datos de inserción laboral obtidos na enquisa realizada indican que un 95% dos egresados estaban traballando no momento de realización da enquisa. Ademais, un 41,5% estaba traballando en áreas relacionadas con Dirección e Administración de Empresas, o que responde aos obxectivos do Máster. A maioría teñen un contrato indefinido (64,1%) e a tempo completo (89,2%), o que indica o papel importante que desempeña o Máster para acceder a postos de calidade no mercado laboral.

- En relación ao obxectivo: **Incrementar o número de alumnos matriculados**, leváronse a cabo as seguintes accións:

- Para tratar de promocionar os títulos e captar novo alumnado, leváronse a cabo varias xornadas de acollida ao alumnado de diferentes centros de ensino secundario e de formación profesional, organizadas a través do programa a PONTE. Ademais, en xullo de 2018 un grupo de profesores da Facultade participou no *Campus Científico Xuvenciencia*, que ten como obxectivo contribuír á divulgación da ciencia e a tecnoloxía na sociedade, especialmente entre o alumnado preuniversitario.
- Para explicar os principais aspectos relacionados coa Facultade e as titulacións que se imparten, a principio de curso fíxose unha xornada de benvida para o alumnado de primeiro ano e a comezo de cada semestre unha para os alumnos de intercambio.
- A coordinadora do Máster en Dirección de Empresas no segundo semestre do curso, realiza unha xornada informativa dirixida ao alumnado dos últimos cursos de grao, sobre o programa formativo deste Máster. Asimesmo, utilízanse as canles de divulgación da USC para chegar a todos os colectivos interesados.

Os indicadores valorados para analizar o nivel de cumprimento deste obxectivo son os seguintes:

- O número total de alumnos/as que visitaron a Facultade a través do programa a Ponte foi de 184 procedentes de 26 centros de ensinanzas medias da provincias de Lugo e A Coruña.
- O número de alumnado que cursa os seus estudos na Facultade descendeu lixeiramente en relación ao curso anterior (386 fronte a 397), este descenso é debido fundamentalmente ao Grao en ADE.
- Aumentou significativamente o número de estudantes que se matriculan nun plan de estudos por primeira vez (102 fronte a 90 no curso anterior). Este aumento ven provocado principalmente polo alumando matriculado no Grao en ADE (81 fronte a 67 no curso anterior).
- Os matriculados de novo ingreso por preinscrición tamén aumentaron respecto ao curso anterior (99 frote a 90). Este aumento tamén en consecuencia do incremento de matriculados no Grao en ADE.

- Por outra banda, o número de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas, pasou do 34,76% (curso 2016/17) ao 36,71% (curso 2017/18).
- En relación ao obxectivo: **Coordinación entre materias da mesma titulación**, leváronse a cabo as seguintes accións:
  - Ao longo do curso académico 2017-18 programáronse varias reunións de coordinación para o título de grao en ADE e do Máster en Dirección de Empresas coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela, xa que son títulos compartidos polas dúas facultades.
  - Ao longo do curso os coordinadores de curso programaron varias reunións co profesorado implicado na docencia de cada curso. Na primeira reunión elabórase unha táboa coas actividades que se van realizar en cada materia durante o semestre, co obxectivo de buscar puntos comúns, evitar solapamentos e que non exista unha carga excesiva de traballo para o alumnado en determinados períodos. No resto de reunións faise un seguimento das actividades desenvolvidas.
  - Por outra banda, a Decana de Facultade participou nas distintas reunións programadas pola Conferencia de Decanos de Facultades de Economía e Empresa a nivel nacional, polo Colexio de Decanos da USC, así como en distintos encontros dos Decanos dos centros pertencentes ao Campus Terra.
  - A Decana participou nas reunións celebradas pola conferencia de Decanos de Economía e Empresa a nivel de Galicia.
  - Desde o 19/05/2018 a Facultade ten aprobado un protocolo de coordinación no que se especifican as actividades a desenvolver para a coordinación dos títulos así como as reunións a programar.

Os indicadores valorados para analizar o nivel de cumprimento deste obxectivo son os seguintes:

- Neste curso académico fíxose unha reunión de coordinación a comezos de cada semestre e outra reunión ao finalizar o curso. No caso do Máster reúnese a Comisión Académica que é a encargada da coordinación entre as distintas materias.
- O nivel de satisfacción do profesorado coa docencia impartida e moi similar nos graos impartidos na Facultade: Grao en ADE 3,90 e grao en Xestión de PEMES 3,95, mentras que no Máster en Dirección de Empresas o nivel de satisfacción é máis elevado (4,33). Ademais, en xeral, o profesorado das tres titulacións impartidas na Facultade considera que a coordinación entre as distintas materias do título foi adecuada (3,74 de puntuación media en ADE, 3,61 en Xestión de PEMES e 4,50 no Máster).
- En relación ao obxectivo: **Informar e facer partícipes das decisións adoptadas aos diferentes colectivos implicados na Facultade**, leváronse a cabo as seguintes accións:
  - Como se expuxo anteriormente, no curso 2017-18 modificáronse o Regulamento de Réxime Interno e o Sistema de Garantía de Calidade, o que supuxo un cambio no número, competencias e composición das Comisións da Facultade. Na actualidade hai 4 Comisións Delegadas da Xunta de Facultade: Comisión de Calidade e Docencia, Comisión de Asuntos

Económicos e Infraestruturas, Comisión de Relacións Exteriores e Comisión de Xénero. Ademais hai outras comisións definidas no Sistema de Garantía de Calidade: Comisións dos títulos impartidos no centro, comisión intercampus do Grao en ADE e do Máster en Dirección de Empresas, e o Comité Consultivo da Facultade. Sinalar que todos os colectivos implicados (PDI, PAS e alumnado), teñen representación en todas as comisións do centro e na Xunta de Facultade.

- As principais decisións son aprobadas en Xunta de Facultade e nas comisións delegadas da Xunta de Facultade.
- A Comisión de Calidade e Docencia da Facultade é a encargada de elaborar e manter o rexistro de documentos do SGC e velar polo cumprimento da política de calidade do centro.
- Na páxina web, no apartado destinado a Calidade, recóllense os principais acordos da Comisión de Calidade e Docencia e do Comité Consultivo.
- As principais decisións que afectan aos distintos colectivos implicados no proceso ensino-aprendizaxe difúndense a través da páxina web da Facultade e do correo electrónico.

Os indicadores valorados para analizar o nivel de cumprimento deste obxectivo son os seguintes:

- Na Secretaría da Facultade están todas as actas das distintas reunións das comisións e xuntas de Facultade.
- En relación ao obxectivo: **Elaboración do regulamento de réxime interno**, leváronse a cabo as seguintes accións:
 

O Regulamento de Réxime Interno foi aprobado pola Xunta de Facultade o 21/06/2018 e polo Consello de Goberno da USC o 09/11/2018. O Manual do Sistema de Garantía de Calidade e o Manual de Procesos foi aprobado pola Xunta de Facultade do 21/06/2018 e pola Comisión de Calidade e Planificación de Consello de Goberno o 21/09/2018.
- En relación ao obxectivo: **Fomentar a igualdade de xénero**, leváronse a cabo as seguintes accións:
  - No senso de fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres nomeouse unha responsable de igualdade de xénero. Asemade, para a elaboración dos horarios de curso, tense en conta a conciliación laboral e familiar a hora de asignación de horarios ós distintos profesores/as.
- En relación ao obxectivo: **Mellorar as instalacións e equipamento da Facultade**, leváronse a cabo as seguintes accións:
  - O persoal de conserxería fai unha revisión continua das instalacións e mobiliario do centro, para detectar posibles problemas e poder solucionarlos.
  - No curso 2017-18 uníronse as aulas de informática dúas e tres para ampliar o número de postos de informática ata 40 e creouse unha nova aula de informática con 20 equipos informáticos. Ademais, creouse unha sala de traballo en grupo con capacidade con 40 postos de traballo.
  - No curso 2017-18 a Facultade adquiriu diferentes equipos informáticos como se expuxo anteriormente.

- A Facultade xunto co servizo de prevención de riscos da Universidade fai un seguimento periódico dos riscos que poden afectar ao persoal do centro.
- En relación ao obxectivo: **Mellora da comunicación entre facultades da USC**, leváronse a cabo as seguintes accións:
  - A Decana da Facultade participou nas distintas reunións programadas polo Colexio de Decanos da USC, en distintos encontros dos Decanos dos centros pertencentes ao Campus Terra, así como na reunión anual da Comisión Xestora do Campus Terra.
  - Ao longo do curso académico 2017-18 programáronse varias reunións de coordinación para o título de grao en ADE e do Máster en Dirección de Empresas coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela, xa que son títulos compartidos polas dúas facultades.
- En relación ao obxectivo: **Mellorar a visibilidade da Facultade e colaborar con empresas ou outras entidades**, leváronse a cabo as seguintes accións:
 

Co obxectivo de proporcionar ao alumnado unha visión práctica e complementaria da formación impartida nas aulas, ao longo deste curso organizáronse conferencias de empresarios de diferentes sectores da actividade económica, así como visitas a empresas do tecido empresarial galego. O número de visitas realizadas a empresas polo alumnado da Facultade foi de catro. O número de conferencias realizadas para o alumnado da Facultade foron sete.
- En relación ao obxectivo: **Avanzar no proceso de internacionalización da Facultade**, leváronse a cabo as seguintes accións:
  - No senso de fomentar a mobilidade do alumnado organizouse unha reunión para explicar os distintos convenios de mobilidade que ten a Facultade. Ademais, na páxina web da Facultade está toda a información necesaria relacionada cos programas de mobilidade.
  - Toda a información recibida na Facultade a través de diferentes conductos relacionada coa posible mobilidade do alumnado, PDI e PAS, é transmitida través de correo electrónico e das pantallas situadas no centro.

Os indicadores valorados para analizar o nivel de cumprimento deste obxectivo son os seguintes:

- A porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade é moi reducido (6 alumnos/as) o que representan ó 1,51% sobre o total de matriculados. A satisfacción destes estudantes cos programas de mobilidade foi de 4,0.
- Nos últimos cursos académicos esta Facultade recibe un número bastante elevado de alumnado fundamentalmente a través de convenios bilaterais. No curso 2017/18 o número de estudantes recibidos polo centro de programas de mobilidade foron 47 (2 de Francia, 40 de México, 4 de Colombia e 1 de Brasil) o que representa o 12,18% do total do alumnado (11,38% no Grao en ADE, 12,50% no Grao en PEMES e 21,43% no Máster). Ademais, a satisfacción deste alumnado cos programas de mobilidade é moi elevada (4,75).



### 2.3. Estado do Plan de Melloras para o curso 2017-2018

As accións de mellora comprometidas nos Informes de Seguimento do Grao en Administración e Dirección de Empresas e do Máster Universitario en Dirección de Empresas para o curso académico 2017-18, foron todas finalizadas con éxito, agás a análise e revisión das taxas de éxito, rendemento e avaliación das materias do grao en ADE, que non se considera eficaz porque os departamentos implicados na docencia non fixeron unha valoración das desviacións existentes nalgunhas materias das que son responsables da docencia. Tampouco a USC fixo unha nova convocatoria do programa DOCENTIA, como se propuxo como acción de mellora no Máster en Dirección de Empresas. O cumprimento destas accións de mellora recóllense no punto 3 desta memoria.

Asemade, as accións de mellora propostas para o curso 2018-19, incluídas no Informe de Seguimento do Grao en Administración e Dirección de Empresas e do Máster Universitario en Dirección de Empresas do curso 2018-19, estanse a desenvolver segundo a planificación prevista. Hai que sinalar que para o Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas non se fixo o Informe de Seguimento dos dous últimos cursos porque se deixará de ofertar no curso 2019-20, aínda que estaba previsto para o curso 2018-19.

### 2.4. Indicadores de eficacia do SGC

Presentamos a continuación os resultados dos indicadores máis relevantes recollidos no SGC do centro correspondentes aos cursos académicos 2016/2017 e 2017-2018. Estes indicadores son facilitados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC e postos a disposición dos centros para a súa análise dentro dos procesos vinculados ao SGC de cada centro e aos procesos de seguimento e renovación da acreditación dos títulos impartidos.

Datos Graos: <http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/datosgraos.html>

Datos Máster: <http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/datosmasteres.html>

INDICADOR	GRAO ADE		GRAO PEMES		MÁSTER	
	2016-17	2017-18	2015-16	2017-18	2016-17	2017-18
Prazas ofertadas	119	113	45	45	23	23
Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas	44,54	47,79	8,89	8,89	-	
Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas	56,30	68,14	11,11	11,11	78,26	73,91
Matrícula	344	334	21	24	32	28
Matrícula de novo ingreso	67	81	5	4	18	17
Matrícula de inicio de estudos	67	77	5	5	18	17
Variación de matrícula de novo ingreso por preinscripción	-19,28	14,93	-	-	12,50	-5,56
Nota media de acceso por preinscripción	6,88	6,90	6,12	6,80	-	
Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	63,64	65,75	40,0	100	80,00	90,00
Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	1,74	2,99	-	-	9,38	14,29
Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	3,78	3,89	4,76	4,17	-	3,57

INDICADOR	GRAO ADE		GRAO PEMES		MÁSTER	
	2016-17	2017-18	2015-16	2017-18	2016-17	2017-18
Porcentaxe de alumnos recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	8,43	11,38	4,76	12,50	25,00	21,43
Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	1,74	1,50	-	-	-	-
Porcentaxe de estudantes egresados que realizaron prácticas externas	49,06	52,63	-	100	86,67	76,47
Porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	20,00	23,08	20,00	16	20,00	40
Porcentaxe PDI Doutor sobre PDI total	50,00	52,63	44,83	50	57,14	75
Porcentaxe de PDI funcionario sobre PDI total	55,88	47,37	68,97	50	50,00	25
Taxa de abandono durante o primeiro curso	20,41	38,71	7,69	-	-	-
Taxa de abandono RD 1393	45,33	35,09	-	-	6,25	11,11
Taxa de avaliación	85,63	85,41	79,83	78,97	88,51	86,57
Duración media dos estudos	5,41	5,28	-	4	1,73	1,53
Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)	77,14	78,06	-	98,55	93,33	93,08
Media de alumnos por grupo de teoría	58,43	60,46	6,57	5,77	13,67	11,73
Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	30,47	30,78	6,57	5,86	15,00	12,76
Taxa de éxito	76,06	75,95	81,68	78,29	99,11	98,42
Taxa de éxito dos egresados	82,00	80,40	-	98,55	100	93,08
Taxa de graduación	28,00	36,84	-	-	62,50	72,22
Taxa de idoneidade na graduación	10,67	15,79	-	-	-	-
Taxa de rendemento	65,13	64,87	65,21	61,83	87,72	85,21
Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	4,00	3,94	-	-	-	-
Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas	4,35	4,17	-	4,49	3,64	4,12
Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas	4,21	3,99	-	-	4,58	4,17
Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas	4,73	-	-	-	4,60	4,60
Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible	3,35	3,63	-	-	3,80	2,60
Grao de satisfacción dos egresados cos servizos	4,41	4,24	-	-	3,93	3,92
Grao de Satisfacción xeral dos egresados coa titulación	3,44	3,71	-	-	3,86	3,06
Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	3,44	3,50	3,95	4,37	3,79	4,36
Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	3,88	3,90	3,74	3,95	4,35	4,33
Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	66,38	52,10	80,00	52,17	55,56	54,84

A continuación, coméntanse os aspectos máis relevantes dos indicadores atendendo aos criterios dos Informes de Seguimento dos títulos impartidos na Facultade.

### a) Organización e desenvolvemento

Na Facultade de Administración e Dirección de Empresas estanse a impartir na actualidade dous títulos de Grao: Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Grao en Xestión de Pequenas e Medias Empresas, e un Máster Universitario en Dirección de Empresas. O Grao en

ADE e o Máster son compartidos coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias do Campus de Santiago de Compostela.

A continuación destacamos algúns dos aspectos máis relevantes deste apartado para cada titulación impartida na Facultade.

En total o número de estudantes que cursan os seus estudos na Facultade no curso 2017-18 ascende a 386.

### **Grado en ADE**

O Número de prazas ofertadas anualmente ascende a 113 (reducción de 6 prazas autorizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria). Esta redución foi solicitada por parte do centro para adaptar a oferta á demanda do entorno. No curso 2017-18 produciuse un descenso de 10 alumnos matriculados no grao. Con todo, a matrícula de novo ingreso aumentou lixeiramente en relación ao curso anterior (81 fronte a 67). Tamén aumentou a matrícula de novo ingreso por preinscrición (que pasa de 67 a 77 estudantes no 2017-18).

Somos conscientes de que o número de matriculados de novo ingreso está alonxado das prazas ofertadas neste grao, polo que desde a dirección da Facultade, lévanse varios cursos académicos poñendo en marcha iniciativas tendentes a incrementar o número de matriculados (vídeo promocional, actualización da páxina web, visitas de centros de ensino secundario e de formación profesional á Facultade, participación no Campus XuvenCiencia do Campus Terra, entre outras actividades). Estas actuacións son para promocionar non só este grao senón todas as titulacións que se imparten no centro.

A nota media de acceso ao grao de ADE no campus de Lugo foi de 6,90, lixeiramente superior a do curso precedente (6,88). Consecuentemente, tamén aumentou a porcentaxe de alumnado que accede á titulación con puntuación igual ou superior a seis (65,75% fronte ao 63,64%).

A porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados foi do 1,50%, mentres que o número de alumnos recibidos por convenios firmados con outras universidades de diferentes países foi de 47, a maioría procedentes de México.

A porcentaxe de estudantes egresados que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións aumentou lixeiramente, pasando do 49,06% no curso 2016-17 ao 52,63% na actualidade.

### **Grado en Xestión de PEMES**

O número de prazas ofertadas anualmente no Grao en Xestión de PEMES ascende a 45, sendo o número de matriculados de 24 e de novo ingreso 4. Esta é a razón fundamental para que este grao se deixe de ofertar no curso 2019-20.

A nota media de acceso ao grao en Xestión de PEMES foi de 6,80, lixeiramente superior á do curso anterior (6,12), sendo a porcentaxe de alumnado que accede á titulación con puntuación igual ou superior a 6 do 100%.

A porcentaxe de estudantes egresados que fixeron prácticas en empresas foi do 100% porque neste grao as prácticas externas son obrigatorias.

### **Máster Universitario en Dirección de Empresas**

O número de prazas ofertadas anualmente no Máster en Dirección de Empresas ascende a 23, sendo o número de matriculados de novo ingreso 17. O número de matriculados actualmente no Máster é de 28, lixeiramente inferior ao curso precedente (32).

A porcentaxe de alumnado que accede á titulación con puntuación igual ou superior a 6 é moi elevada (90%) e superior ao curso anterior (80%). A porcentaxe de alumnos estranxeiros matriculados no Máster foi do 14,29%, sensiblemente superior a do curso anterior (9,38%), e a porcentaxe de estudantes recibidos a través de programas de mobilidade foi do 21,43%.

Ademais, é moi elevada a porcentaxe de egresados que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas (76,47%), cifra lixeiramente inferior á obtida en cursos anteriores.

### b) Información e transparencia

Un dos obxectivos da dirección da Facultade de ADE é a homoxeneización da información proporcionada para todos os títulos impartidos, por iso este apartado analízase de forma conxunta.

A páxina web da Facultade presenta información completa, detallada e actualizada, dirixida tanto ao alumnado como a outros grupos de interese, internos e externos. Ademais, instaláronse dúas pantallas de televisión no vestíbulo e no corredor de accesos as aulas, para informar das principais novidades que poidan ser de interese para o alumnado.

Por outra banda, faise unha sesión de acollida ao alumnado de novo ingreso, así como diferentes sesións para informar sobre distintos aspectos relacionados co funcionamento das titulacións: presentacións do TFG e TFM, programas de mobilidade, prácticas en empresas, etc.

O único dato do que se dispón para valorar se se está a conseguir o obxectivo de información pública e transparencia é o da satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible, que no caso do Grao en ADE foi de 3,60, lixeiramente superior a do curso anterior (3,35), e de 2,60 no Máster en Dirección de Empresas, moi inferior a do curso precedente (3,80).

### c) Recursos Humanos

En relación ao persoal académico do centro, débese salientar que o PDI co que conta a Facultade para o desenvolvemento dos títulos impartidos cumpre cos requisitos necesarios para impartir unha docencia de calidade ao alumnado. En xeral, o profesorado é suficiente para o correcto desenvolvemento das titulacións impartidas.

A porcentaxe de PDI funcionario en relación ao PDI total é do 51,16%, sensiblemente inferior a do curso anterior (59,74%), sendo unha parte importante profesores titulares de escola (27,90% sobre o total de PDI), o que condiciona o número de profesores doutores (51,16% sobre PDI total) e a porcentaxe de PDI con sexenios de investigación sobre o PDI total (30,0%).

Por outra banda, a experiencia docente do PDI vese reflectida no elevado número de quinquenios que posúe o profesorado que imparte docencia nas tres titulacións, cunha media de 2,95 quinquenios por docente.

O persoal de apoio (PAS) co que conta o centro (seis persoas) para o bo desenvolvemento da actividade administrativa da Facultade é suficiente e cumpre cos requisitos necesarios para levar

a cabo as súas funcións. A maior parte do PAS conta cunha antigüidade no posto e escala de polo menos seis anos.

Sinalar que o grao de satisfacción do PAS co traballo desenvolvido e moi elevado (4,67), mentres que a satisfacción do PDI coa docencia impartida varía entre as titulacións impartidas (Grao en ADE, 3,90; Grao en PEMES, 3,95; Máster, 4,33).

#### d) Recursos materiais e servizos

A Facultade de ADE está ubicada nun edificio moderno, funcional e adaptado ás persoas con discapacidade. Dispón das infraestruturas e das tecnoloxías necesarias para o desenvolvemento do proceso de ensino/aprendizaxe no Espazo Europeo de Educación Superior. O acceso a internet, fixo ou por Wifi, está dispoñible en toda a Facultade, tal e como se pode observar no espazo web onde figuran todos os recursos materiais cos que conta o centro:

<http://www.usc.es/gl/centros/empresas/recursosmateriais.html>.

A maiores da información sobre infraestruturas, a web do centro inclúe tamén un apartado de servizos de interese para o alumnado <http://www.usc.es/gl/centros/empresas/servizos.html>.

#### e) Resultados da aprendizaxe e indicadores de satisfacción e rendemento

O grao de satisfacción xeral dos egresados co Grao en ADE aumentou lixeiramente no último curso académico en relación ao curso precedente (3,44 no 2016-17 fronte a 3,71 no curso 2017-18). No Máster acadá un valor positivo situándose en 3,06 puntos de media, lixeiramente inferior ao curso precedente (3,86).

Por outra banda, a satisfacción do alumnado coa docencia recibida é moi similar a obtida no curso precedente, pero con lixeiras variacións entre as titulacións. O nivel de satisfacción do alumnado do Grao en ADE é de 3,50, co Grao en Xestión de PEMES é de 4,31 e do Máster é de 4,36.

Un aspecto que nos permite coñecer se as competencias adquiridas polo alumnado graduado se corresponden coas que demanda o mercado laboral, son as obtidas no informe que analiza o nivel de satisfacción dos titores externos dos programas de prácticas externas. Os resultados amosan que os titores externos están bastante satisfeitos coa formación inicial en competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas, cunha valoración de 3,99 no Grao en ADE e de 4,17 no Máster en Dirección de Empresas. Ademais, a satisfacción media do alumnado coas prácticas recibidas é bastante elevada (Grao en ADE, 4,17; Grao en Xestión de PEMES 4,49 e Máster, 4,12).

En relación a taxas de rendemento (porcentaxe entre o número de créditos superados e número de créditos matriculados), éxito (porcentaxe entre o número de créditos superados e número de créditos presentados) e avaliación (porcentaxe entre o número de créditos presentados e número de créditos matriculados), acadan valores bastante diferentes en función da titulación cursada. Os valores máis altos obtéñense no Máster (85,21, 98,42 e 86,57 respectivamente) con porcentaxes similares ao do curso precedente. No grao en ADE estes valores baixan lixeiramente en relación ao curso anterior (64,87, 75,95 e 85,41 respectivamente). Finalmente, no grao en

Xestión de PEMES estas taxas acadan valores lixeiramente inferiores ao curso anterior (61,83, 78,29 e 78,97).

A taxa de eficiencia dos egresados (rendemento) é bastante elevada tanto no Grao en ADE (78,06) como no Máster (93,08), obtendo un valor próximo ao 100% no Grao en Xestión de PEMES (98,55%).

Por outra banda, o alumnado completa os seus estudos de grao en ADE en 5,28 anos, diminuíndo lixeiramente en relación ao curso anterior (5,41). Probablemente este descenso ten a súa xustificación na implantación do novo Regulamento de Traballo de Fin de Grao, aínda que haberá que facer un seguimento nos próximos cursos para analizar a eficacia desta medida. Ademais, cremos que outro aspecto que pode estar influíndo no elevado valor deste indicador é a obrigatoriedade do alumando da USC de acreditar un nivel mínimo (B1) de coñecemento dunha lingua extranxeira. No Máster o alumando completa os seus estudos en 1,53 anos, valor lixeiramente inferior a do curso precedente (1,73). Finalmente sinalar que no Grao en Xestión de PEMES o valor deste indicador coincide exactamente cos anos de duración do Grao (4 anos).

A taxa de graduación aumentou significativamente no Grao en ADE (36,84) en relación ao curso 2016-17 (28,00%) e no Máster (72,22 fronte a 62,50), mentres que a taxa de éxito dos egresados é moi elevada nas dúas titulacións (Grao en ADE, 80,40%; Máster, 93,08%). Tamén a taxa de éxito dos egresados no grao en Xestión de PEMES é moi elevada (98,55%).

Finalmente, sinalar que a Facultade ofrece múltiples actividades, complementarias ás que oferta a USC, dirixidas a mellorar e incrementar as competencias do alumnado: conferencias, seminarios, actividades con asociacións de economistas e empresarios, etc.

### 3. Plan de Melloras do Centro

A continuación preséntanse as accións implantadas na Facultade de ADE no curso 2017-2018, consecuencia das accións de melloras propostas no Informe Seguimento do Grao en Administración e Dirección de Empresas e do Máster en Dirección de Empresas do 2016-2017. Como se comentou anteriormente, o Informe de Seguimento do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas non se elaborou porque este título déixase de ofertar no curso 2019-20, polo que non se propuxeron accións de mellora específicas, excepto as comúns para todas as titulacións impartidas na Facultade.

Na seguinte táboa recóllense as melloras para o Grao en ADE e o seu nivel de cumprimento.

LISTAXE DE ACCIÓNS						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-1	Informe de Seguimento do grao en ADE 2016/17	Reforma das instalacións do centro para facer un espazo de coworking, unha sala de traballo en grupo, unha nova aula de informática e ampliación doutra	Finalizada Eficaz	Equipo Decanal	31/07/2018	28/09/2018
AM-2	Informe de Seguimento do grao en ADE 2016/17	Análise e revisión das taxas de éxito, rendemento e avaliación das materias que conforman o grao en ADE	Finalizada Non Eficaz	Comisión Académica do Grao e Comisión intercentros	20/12/2018	20/12/2018
AM-4	Informe de Seguimento do grao en ADE 2016/17	Informar e fomentar a participación do profesorado da Facultade na impartición de materias optativas en inglés	Finalizada Eficaz	Comisión Académica do Grao	26/01/2018	02/02/2018

Na seguinte táboa recóllense as melloras para o Máster en Dirección de Empresas e o seu nivel de cumprimento.


LISTAXE DE ACCIÓNS						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-01	Informe de Seguimento do Máster en Dirección de Empresas 2016-17	Realizar unha convocatoria experimental do programa DOCENTIA	Finalizada Non Eficaz	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	31/07/2018	31/07/2018
AM-02	Informe de Seguimento do Máster en Dirección de Empresas 2016-17	Realizar unha enquisa entre o alumnado matriculado que non defenda o TFM á finalización do curso académico, coa finalidade de analizar as causas que impide a súa defensa	Finalizada Eficaz	Comisión Académica do Máster	30/09/2018	30/09/2018

A continuación, preséntanse as accións de mellora propostas nos Informes de Seguimento do curso 2017-2018. En primeiro lugar preséntase as accións propostas para todas as titulacións. A continuación descríbense as accións de mellora para cada unha das titulacións impartidas no centro.

DESCRICIÓN	RESPONSABLE IMPLANTACIÓN	DATA PREVISTA FINALIZACIÓN	TITULACIÓN
Mellorar determinados espazos da Facultade para adecualos aos usos do alumando, PDI e PAS do centro e renovar equipos informáticos e mobiliario da Facultade	Vicedecano	31/07/2019	Todas as titulacións
Sistematizar e actualizar o plan de acción titorial co obxectivo de orientar ao alumnado ao longo dos seus estudos	Comisión de título	31/07/2019	Todas as Titulacións
Manter actualizada a páxina web da Facultade e mellorar a localización da información. Tamén é fundamental que todo o persoal e alumnado do centro coñeza o funcionamento do	Comisión de título/Comisión de	31/07/2019	Todas as Titulacións



SGC	Calidade e Docencia		
Realizar algún curso de formación a demanda de innovación docente	Equipo Decanal	31/07/2019	Todas as Titulacións
Realizar unha convocatoria experimental do programa DOCENTIA	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	31/07/2019	Todas as Titulacións
Análise e revisión das taxas de éxito, rendemento e avaliación das materias do grao en ADE	Comisión Intercentros do Grao en ADE	31/07/2019	Grao en ADE
Colaboración con organizacións do tecido empresarial da nosa contorna que complemente a formación teórico/práctica do alumnado	Comisión de Título/Comisión de Relacións Exteriores	31/07/2019	Grao en ADE
Reflexionar a través da Comisión Intercampus sobre as competencias transversais do grao e facer as propostas que se consideren oportunas	Comisión Intercentros	31/07/2019	Grao en ADE
Deseñar e implantar un protocolo de coordinación que sistematice o funcionamento da Comisión Académica Intercentros do Máster	Comisión Académica Intercentros do Título	30/09/2019	Máster en Dirección de Empresas
Incluír dun modo detallado nos programas das materias os instrumentos e mecanismos a utilizar para asegurar a adquisición de cada unha das competencias a alcanzar polo alumnado	Comisión Académica Intercentros do Título	30/09/2019	Máster en Dirección de Empresas
Realizar unha enquisa entre o alumnado matriculado que non defenca o TFM á finalización do curso académico, coa finalidade de analizar as causas que impide a súa defensa	Comisión Académica Intercentros do Título	30/09/2019	Máster en Dirección de Empresas

 FACULTADE DE ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 21/06/2017
	FORMATO	Páxina 25 de 26

#### 4. Anexo: Informes de seguimento

Os Informes de Seguimento e renovación da acreditación dos títulos impartidos na Facultade de Administración e Dirección de Empresas pódense consultar na páxina web do centro dentro do apartado destinado ao SGC. <http://www.usc.es/gl/centros/empresas/CalidadeVo1.html>